

EFEGA consigue acreditar 4,6 créditos dun curso de urxencias de 20 horas de duración

A Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias de Galicia, recoñece deste xeito os contidos do curso dirixido ao persoal de enfermaría e menciña.



Enfermeira realizando a manobra de extracción do casco a un accidentado.

29/12/2011 A Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias de Galicia, ben de outorgar o pasado 27 de decembro 4,6 créditos de formación continuada ao curso denominado “Urxencias e Emerxencias Extrahospitalarias - Soporte Vital Básico para Equipos de Saúde” de 20 horas de duración. EFEGA impartiu este curso a vinte profesionais da enfermaría da área sanitaria sur de Pontevedra en colaboración con forGA-Vigo e CIG-Saúde.

Está acción formativa deseñada especificamente para o persoal do equipo de saúde dos Puntos de Atención Continuada (PAC) e dos Centros Hospitalarios, tenta cumprir un dobre obxectivo. Dunha banda, dar resposta as necesidades dun colectivo que carece da especialización en urxencias. Por iso este curso céntrase nas materias máis importantes das emerxencias sanitarias extrahospitalarias. Doutra banda, tenta ofrecer unha solución a necesidade de créditos formativos. Deste xeito, con 20 horas de formación conséguense preto de 1,5 puntos, dos oito necesarios nos concursos de oposición do SERGAS.

Durante o curso déronse a coñecer todos os aspectos relacionados coa activación do servizo de urxencias sanitarias, as particularidades na actuación en catástrofes e accidentes con múltiples vítimas, a mobilización e a inmovilización de pacientes politraumatizados e as últimas recomendacións en materia de soporte vital básico da American Heart Association (AHA). Ademais, as participantes puideron realizar prácticas empregando material de rescate e inmovilización nunha ambulancia medicalizada e a aprender a utilizar os dispositivos necesarios para a reanimación cardipulmonar tales como cánulas, balóns de resucitación ou desfibriladores.

Os interesados en recibir formación poden informarse a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.